

## AS MINAS DE OURO ROMANAS. OS BURACOS DOS MOUROS E OUTRAS

No longo paseo e xantar por Pinzás imos ollar unha explotación aurífera romana: Os Buracos dos Mouros, aínda que hai máis no Recosto de Curuxeiras, no lombo de Reinosos, no Lombo do Cazón, todas en Pinzás e continúan nos montes de Barrantes na Tomada do Ferreiro, A Cova da Vela, As Covechas da Cruz do Viso, A Covecha do Carballo, As Minas Vellas ou de considerable tamaño na Presa da Auga, A Regueira do Penedo ou O Buraco da Cova do Loureiro.

Os romanos cando conquistaron o noroeste da Península Ibérica trouxeron unha lingua nova e uns deuses e un novo dereito e mandaron construír pontes, cidades, vilas, vías empedradas pero tamén levaron, entre outros produtos e saberes o ouro que cataban moi ben. Disque collían area na desembocadura dos ríos para analizar se tiña ouro. Se o resultado era positivo ascendían río arriba até dar cos filóns orixinais e proceder á súa explotación combinando o traballo manual coa axuda hidráulica e

deixando a pegada nestas minas a ceo aberto 1800 ou 1900 anos máis tarde nestes xacementos arqueolóxicos auténticos museos ó aire libre.

Daniel Perry James, xeólogo e director xerente da empresa canadense Medgold Resources Lda, vén de proporlle á Consellería de Industria da Xunta de Galicia que quere investigar durante 3 anos, 275 cadrículas mineiras de 30 hectáreas cada unha, é dicir, uns 82'5 quilómetros cadrados, o equivalente á superficie de todo o concello de Oia, ou case tres veces o de Baiona. A terra que piden para furar pertence ós concellos de Baiona, Gondomar, Tui, Oia, O Rosal e sobre todo Tomiño. Concederlle os permisos depende, en primeiro lugar, dos informes de Medio Ambiente, da Dirección Xeral de Patrimonio e dos informes dos concellos. Cos propietarios da terra, sexan Comunidades de Montes, sexan persoas particulares, non contan para nada. O subsolo é do Estado Español. O cata que paríña maxina danoca. O docraibo■



*Os Buracos dos Mouros visto dende o aire.*

# PINZÁS.

## TOPONIMIA, OURO E MORTE

**Casa do Pobo de Pinzás**

- Ás 10.00h charla
- Ás 11.00h saída e visita pola aldea e o monte
- Xantar no monte (levar comida)

Para máis información escribir a [asopinzas@yahoo.es](mailto:asopinzas@yahoo.es)

Organiza:

asociación de veciños  
**PINZÁS**

Colaboran:



## PINZÁS. AS VEIGAS DO MIÚDO

**P**inzás é unha aldea situada a 350 metros de altura, composta polos barrios da Alpuxarra, Os Muros e A Igrexa. Vista dende a capital do concello fica alá lonxe, pé da Serra da Groba; vista dende O Val Miñor é a primeira fregresía, é a porta de entrada a Tomiño. Esta condición de lugar de ingreso fai que estreme con Oia, Gondomar e Baiona e coas parroquias de Barrantes, Burgueira, Belesar, Santa Baia, Couso e Tebra.

Os preitos polas estremas e pola terra son centenarios, polo menos dende o século XVII ata que en 1851 a Audiencia de Galicia dictamina gravar ben gravados os marcos nas Pinisas, na Boca do Cereixo, na Casa do Loureiro da Portavedra e no Outeiro das Mos, co nome das fregresías estremantes e a data (1851). Hoxe parte destes marcos son historia e monte de Gondomar.

Por empeño dos veciños e repetidas peticións ó bispado de Tui, Pinzás escindiuse de Santa María de Tebra en 1765 cumprindo as peticións

eclesiásticas: casa reitoral, igrexa e propiedades para provisión de lume do Santísimo que eran dúas tomadas fechadas, A Tomada da Igrexa de Abaixo e A Tomada da Igrexa de Arriba, e unha propiedade aberta: A Tomada das Almiñas.

Pinzás é unha aldea de altura coas casas na cota dos 350 metros pero superando os 580m. na Boca da Calzada en contacto con Burgueira e con Barrantes. Pinzás é unha aldea de altura polo patrimonio natural e cultural que atesoura.



*O preito das estremas até 1851. Seguiu.*

## O PATRIMONIO NATURAL. AS AUGAS

**C**anto o patrimonio natural comparte chan e humedais con Santa Baia e Mañufe, xa que aquí temos as fontes do río principal que atravesa todo o concello até desbeber no Miño acolá en Forcadela. Falamos do Cereixo.

Esta vea de auga nace na Fonte Salgueira que ten dúas minas que xuntan augas coas que baixan da Fonte de San Benito para formar o Arroio Fial que logo será O Río Salgueiro que recibe pola esquerda as augas que baixan de Valdepereiras e

da Regueiriña Verde e do Pozo das Truitas e das de Madruga e pola dereita das Campurras, da Fonte das Pulgas, da Fonte Arbela e da Fonte Grande que van conformando O Río Grande que segue recibindo pequenas regueiras da Poza da Auga, de Canteiro, dos Arroíños, das Tomadas de Sabarís, da Costa, ...

Pola dereita aínda baixa O Río do Portiño que xunta nos Fiales as augas de varias regueiras (Verde, Castaños, Cova do Gato, ...) e O Río do Pozo Negro, antes Río Frio que vén de

Covas resumindo Os Carballos Cortados, O Escampado dos Porcos, O Fondón, A Vista Branca, Covas do Medio, Covas de Fidalgo, O Estripeiral Pequena, O Penedo dos Millos, a de Serra de Covas ou O Estripeiral Grande que fende profundamente Os Buracos dos Mouros até A Chan da Poza.

Outra manchea de regueiras e regueiriñas botan as augas ó Río Mau que se xunta co Río Grande por baixo do Muíño de Donato.

O Río Mau é A Regueira da Gata Saída que vén congregando todas as vías acuáticas que baixan do Bordo da Poza, ben en monte de Vilachán, ben

en monte de Pinzás: As Guteiriñas, Pumariños As de Vermello, de Campos, da Casiña, da Tomada do Ferreiro. E que logo son Reinosos, Os Barreiros, O Niño Torto, de Pousa, do Grasudo, De Feixoeiro, das Alburas, ...



*O Muíño dos Arroíños*

## OS NOMES DO MUNDO. A TOPONIMIA

**A**uga, nomes, ríos, presas, regos, toles, peiráns, levadas, pozos, pozas, presotes, muíños, veigas, tomadas, panascos, casas, cortes, outeiros, chans, estremas, fontes, pontes, etc, etc, etc. Todo con chamadoiro, un enorme mundo de nomes de lugar que lle dicimos topónimos. Cada topónimo localiza, empra e sitúa. Cada topónimo define o lugar que está nomeando, denominando. Unha chan non é un

outeiro, como unha veiga non é unha tomada ou unha poldre non é unha fonte. Localizar e definir son as funcións básicas dos nomes de lugar, os topónimos que coa sabiduría das mulleres e homes que llos puxeron, durante miles de anos, analizan o territorio e as súas formas, accidentes, cultivos, construcións, ... Un riquísimo PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL.

## PEDRAS SOLTAS E ENTERRAMENTOS. A MORTE HAI 6000 ANOS

**P**ero Pinzás non leva habitado dende uns anos antes de separarse de Tebra. Nin tampouco uns centos de anos xa que en distintos sitios da Chan do Cereixo teñen aparecido pedras de cuarcita traídas do Miño e traballadas hai 200.000 ou 300.000 anos, no que en prehistoria se chama paleolítico. O sitio gustáballe: auga e caza. Vindo

máis para acá no tempo consérvanse, polo menos catro enterramentos de hai 5000 ou 6000 anos, o que chamamos mámoas e que están, dúas, na Casiña do Ouro, outra preto da Tomada da Igrexa de Arriba e a cuarta no Escampado dos Porcos violada vilmente hai uns meses pola máquina e polo home e pola barbarie. Ignorantes?